

Ir3n, a 3ltima xoia do imperio persa

Moncho Iglesias M3guez (Tempos Novos, decembro/2008)

O Ir3n do s3culo XXI herdou a grandeza do imperio persa e soubo conserva-la hermeticamente entre as cordilleiras da primeira teocracia constitucional establecida no mundo. Os seus 71 mill3ns de habitantes son produto dese imperio composto por migraci3ns, invasi3ns e rutas comerciais que conseguiron unificar culturas diversas baixo unha mesma bandeira. A Rep3blica Isl3mica de Ir3n 3 o colof3n a un per3odo glorioso de preto de tres mil anos, e que chegou ao seu estado actual tras unha revoluci3n conservadora, que deu comezo no ano 1979, e que hoxe en d3a a3nda conta con partidarios e detractores. E 3 que a rep3blica naceu de ideais persas, isl3micos e occidentais, creando unha identidade mixta e confusa na procura dunha definici3n de si mesma.

A situaci3n xeogr3fica do pa3s, entre Europa e Asia; cruce de cami3ns e intereses para mercadores e conquistadores, propiciou o seu apoexo, non s3 pol3tico e econ3mico, sen3n tam3n cultural. Ferdosi, Hafez e Rumi son alg3ns dos nomes dos poetas persas m3is sobranceiros, honrados de tal xeito que os seus versos son memorizados e as s3as tumbas convertidas en mausoleos onde poder gozar do arrecendo da s3a l3rica. Dunha beira, Hafez (1324-1389), o poeta do amor, descansa nuns xard3ns na cidade de Shiraz, no Sur do pa3s, onde centos de visitantes pasean a diario ao ritmo da m3sica melodiosa que envolve a cadencia dos recitadores espor3dicos que se xuntan ao redor dos restos do vate. Noutra beira, Ferdosi (940-1025), un heroe nacional, posto que conseguiu revitalizar a lingua persa grazas 3 s3a poes3a 3pica, amais de deixar por escrito a historia do pobo persa, 3st3 enterrado nunha aldea do Norte, Tus, no xard3n do que fora a s3a casa.

A riqueza literaria de antano pasou o testemu3o a novas xeraci3ns, que non s3 souberon cultivar a l3rica e a narrativa, sen3n tam3n outras artes. Neste sentido, c3mpre mencionar a m3sica, que adoita entrelazar a poes3a cl3sica co ritmo tradicional do nay -fruta- e o tar – instrumento de corda-, 3 vez que permite que xurdan novas propostas. Vale de exemplo a banda Molaviyeh, que chegou a triunfar en Am3rica e que recupera o misticismo suf3 de Rumi (1207-1273), creador da orde dos dervixes xir3vagos –unha practica de meditaci3n que consiste en dar voltas sobre un mesmo. E no anonimato, fronte os trovadores das bocas de metro e prazas p3blicas occidentais, cidades como Isfah3n, no centro do pa3s, aglomeran novas voces entre os arcos das pontes que atravesan o r3o Zayandeh. Nos descansos entre os piares desas pontes p3dese tam3n descubrir a influencia da m3sica nas roupas: vestimentas longas estilo rapeiro, camisetas axustadas para os heavies, rockeiros de pantal3ns cinguidos, e incluso rapazas con cores no pelo, que maquillan de xeito que sexa visible malia levaren o obrigatorio veo.

A obrigatoriidade 3 unha das caracter3sticas m3is destacadas do pa3s e, quizais, a m3is



A obrigatoriidade 3 unha das caracter3sticas m3is destacadas do pa3s e, quizais, a m3is exportada. Con todo, o concepto de liberdade parece ter a s3a orixe na Persia de Ciro o Grande, durante o s3culo VI a.C. Ciro liberou os xudeus da opresi3n babil3nica e entregoulles cartos para construíren o templo de Xerusal3n, demostrando unha tolerancia relixiosa que perdura no s3culo XXI, porque a rep3blica isl3mica de Ir3n protexe a membros doutras minor3as relixiosas, como zoro3stros, cristi3ns ou xudeus. Non obstante, fronte a estes datos, 3 necesario destacar que os preto de medio mill3n de baha3stas que viven no pa3s sofren a discriminaci3n dunha fe declarada ilegal, e considerada her3tica. [Foto: Muller iraniana nas ru3nas dun templo zoro3stico en Isfah3n, ao sur de Teher3n. 3Moncho Iglesias].

exportada. Con todo, o concepto de liberdade parece ter a súa orixe na Persia de Ciro o Grande, durante o século VI a.C. Ciro liberou os xudeus da opresión babilonia e entregoulles cartos para construíren o templo de Xerusalén, demostrando unha tolerancia relixiosa que perdura no século XXI, porque a república islámica de Irán protexe a membros doutras minorías relixiosas, como zoroástricos, cristiáns ou xudeus. Non obstante, fronte a estes datos, é necesario destacar que os preto de medio millón de bahaístas que viven no país sofren a discriminación dunha fe declarada ilegal, e considerada herética.

É precisamente o cilindro de Ciro, un cilindro de barro que contén inscricións nun alfabeto cuneiforme e que se conserva no Museo Británico de Londres, amosa esa liberdade de expresión do mundo persa. O cilindro pode considerarse a primeira declaración de intencións, en favor dos dereitos humanos, ao prohibir a escravitude, o roubo e protexer as diferentes etnias e relixións.

Pero os detractores do réxime iraniano apuntan á degradación da muller como un dos principais síntomas do atraso do país, que impón leis degradantes. O feito de que unha moza teña que cubrir a cabeza en público chama a atención dos defensores dos dereitos humanos, mentres moitas iranianas aceptan estas regras culturais como parte inseparable da súa forma de ser e vivir. Maryam Haghroosta, profesora da Universidade de Teherán, afirma levar o veo por unha cuestión persoal e relixiosa, e non por unha imposición; por iso nunca descubriu a cabeza durante os catro anos que viviu en Cuba, onde se doutorou, e onde puido optar por poñelo ou non. Igual que ela, para moitas musulmás, o veo non só é un sinal de identidade e respecto, senón unha forma de vestir, tan válida como a de quen elixe levar tacóns ou pintar os beizos. Marjane Satrapi, autora da novela gráfica Persépolis, está no polo oposto, xa que dende pequena, como reflicte no cómic, cuestionouse certas regras de comportamento e nunca foi quen de vivir, atrapada nunha sociedade represora.

As innovacións iranianas non só se adscriben á protección da súa sociedade, senón tamén a certos inventos e descubrimentos. Dentro do primeiro caso está o sistema de ventilación da cidade de Yazd, no centro do país. Os bagdirs, ou torres de vento, son construcións de adobe que, nas partes altas das casas, son capaces de reter a brisa máis lixeira e dirixila cara os compartimentos inferiores. En canto a descubrimentos, o físico Avicena foi quen de descubrir a vea aorta e a tuberculose como enfermidade contaxiosa, no século XII, e o astrónomo Al-Khwarizmi introduciu os actuais números arábigos amais de facer importantes avances nas matemáticas, no século IX.

No tema deportivo, o fútbol é un fenómeno social que ofuscou outras practicas deportivas tradicionais e propias, como o zurkhaneh. O zurkhaneh é un combinado de deporte, teatro e relixión que se practica en ximnasios, e cuxos competidores son vistos como heroes nacionais. O xogo comeza cuns cánticos e declamacións poéticas, aos que seguen unha serie de rituais onde os atletas mostran a súa forza levantando distintos pesos que elevan co ritmo da música. A poesía sufí acompaña os toques de tambor e envolve os movementos, facendo do espectáculo un xogo difícil de encadrar entre unha modalidade deportiva ou unha representación teatral.

Tamén único en Irán é a celebración do Ano Novo, o Nowruz, ao comezo da primavera, e outras festividades propias relacionadas coa vitoria da república islámica ou a morte do Aiatolá Khomeini. Dentro desa unicidade, hai que destacar que Irán é un dos países do mundo onde máis refuxiados viven, e onde máis se usa Internet. Ao mesmo tempo, é o berce dunha das relixións máis antigas, o zoroastrismo, a fe dominante no país ata a chegada do Islam, e que profesa ideas que parece ser influíron nas tres grandes relixións monoteístas; ideas como a diferenza entre ceo e inferno, a resurrección ou o xuízo final.

Se os inventos de outrora conseguiron ampliar o coñecemento humano, ao estenderse polo mundo, cidades como Persépolis, no Sur, constitúen verdadeiros museos ao aire libre, á vez que manuais de historia e arte. Outro exemplo é Mashad, no Nordeste, que conserva unha das pezas museísticas máis importantes para os musulmás xiítas –a maioría iraniana. Alí está enterrado o Imán Reza, descendente directo do profeta Mahoma, dentro dun esplendoroso complexo sagrado que forma un dos centros de peregrinación máis importantes do mundo.

En definitiva, Irán é un país moderno absorbido por tradicións milenarias. A unión desa

diversidade provoca un encontro afable para o estranxeiro, que pode sorprendese coa carencia de violencia; os misterios e secretos que sempre agroman dos máis novos; as contradicións da historia, encargada de facer que loiten entre eles pasado e futuro; as diferentes opinións sobre a laicidade ou sobre o enriquecemento do uranio –a información que ten a xente local é que o seu uso é para fins pacíficos, aínda que algúns non negan que poida existir outro uso militar, non ilícito, tendo en conta que hai países que o empregan-; co acento galego de vendedores de alfombras como Hussein, no bazar de Isfahán, sempre dispostos a compartir un té e o fume dunha narguilé; ou o esplendor sempre candente da súa cultura, presente en todos lados e, sobre todo, nas grandes cidades, onde os edificios parecen arquipélagos nun deserto repleto montañas e xardíns.

Moncho Iglesias Míguez, analista do Igadi.